

# A·R·S·A··TERRA

## BOLETIN DECENAL

Idearium das Irmandades da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

PREZOS DE SUSCRIZÓN  
Na "Cruña" 6' mes, 40 cts. | Fera trimestre, 1'50 ptas.  
Coste d'un número, 15' > América id... 2' >  
PAGO ADIANTADO

NUMERO 116 *La*  
A CRUÑA 31 DE MARZO DE 1920

Redacción e Administración:  
PLAZA DE MARIA PITA, 17, BAIXO  
(Irmandade da Fala)

### Do cursillo de conferencias nazionalistas na Exposición de Castelao

## A notabre conferencia do xenial Alfonso

### Humorismo :: Dibuxo humorístico :: Caricatura

Senoras e señores:

Mais que unha auto-critica quero darvos un feixe d'elementos pra que poidades criticar o meu Arte. Non veño buscando galanuras nin loubanzas, anque fosen merecidas, e polo que poida importarme a min, compre que vos traduza unhas verbas do gran humorista inglés Chesterton.

"Cando un home necesita sere conceptuado é certamente mellor que o sexa sobre dalguns méritos ou talentos que realmente non ten. Entón a sua vanidadade reposa mais ou menos fonda: é sómente un error de feito com'o do home que crê herdar sangue real, ou pensa que ten un sistema infalibel pra Monte Carlo. O mérito irreal non corrumpo nin falsifica os méritos reais. O home é vano co-as virtudes que non tén podendo sere humilde co-as virtudes que ten. As suas cualidades verdadeiramente boas repousan na sua inocencia primordial: non pode velas nin corromperlas. Se o pensamento d'un home está erróneamente cheo coa idea de qu'é un gran violinista, iso non lle priva de que sexa un home de ben; mais se algunha vez o seu pensamento está inzado co-a idea de que é un home de ben, axiña deixará de sel-o."

Ollade, pois, o mal que me podedes facer.

I

### Humorismo

Eu teño un amigo enterrador nun címetario de cibdade. Iste meu amigo non é de certo amigo meu: é somente un ouxento d'esperencia, un coellín de Indias. Un en-

terrador sabe sempre moitas cousas e conta-as con humorismo. Un enterrador de cibdade que dispe e descalza ós mortos pra encher as tendas de roupa vella, ten de se-



re home que lle compre á un humorista. Un enterrador que saca boa soldada co ouro dos dentes das caliveras, tiña de ser meu amigo.

Iste enterrador tensa por home de ben e cóntame cousas tráxicas que fan rir e cóntame cousas de rir que arrepian, e co-as "surpresas" da sua conversa fuxen as horas sen decatarme.

Boeno, o conto foi que certo dia collín caro címetario e atopei ó enterrador un pouquín non sei cómo, e disposi de falarmos moi, dixome que me tiña que contar, en

segredo, unha cousa, sempre qu'eu fose herme de ben e amigo leal. Eu fiquei un pouco encorado pol-o medo á "sorpresa" desconocida, e disposi de collerme pol-o hombreiro e arrechegarme os seus beizos podres á miña orella, dixome pasenialmente:

—Atopei uns papeles n'unha caixa!... Nunha caixa que non sei de quéén será. O esquelete tiña na calivera un olló de vidro que me fitaba con remedira... e na man tiña istes papeles...

E o enterrador sacou d'arrentes do coiro uns papeles encuzados. O enterrador non sabe ler e doumos á min, pra que llóse. Eran cachos de periódicos e papeles de fumar, todos numerados, e no primeiro campaban istas verbas:

"Memorias d'un esquelete"

Aquela letra era traballoso de ler. I-estaba feita c'un garabullo. A tinta non sei o que seria nin quiken decatarme do que portara sere.

Cando rematei o leitura xa escomenzara o antre fusco e lusco e o enterrador, moi amocado, xurou que se non fose por Deos tiña o esquelete i-escacháballe a calivera d'un saño.

Despedíñme d'el e cando xa iña pol-a estrada, camiño da cibdade, oír que me chambaba á berros dend'a porta do címetario.

—Oya, veñ'acó!

E disposi quedáñse e moi solermosamente:

—Vostede qu'e médico (non sabería onde mercan ollos de vidro?)

As memorias do esquelete é o que voce

vou lér. Escoitade, pols, á un home do ou-  
tro mando, pregándovos, por adjuntado,  
que non me fagades solidario das suas ide-  
as.

Ala vay:

"Eu nacín, medrei e fixenme home e un  
bo dia enfermóuseme un olló. Fun os m di-  
tos e lambéronme unha manchada de car-  
tos e no remate de contas o olló sandar  
sandou, pero quedoume grolo. Por aquil  
tempo tiña eu un galo tan amante que viñ'a  
comer na miña man. Chamáballle Tenerio.

Estando eu agachado c'os grans de m's  
noa cunca das mans, vense cara min, pa-  
senfamente, tripando a terra con aquel  
de señorón. Plántase diante de min, ergue  
o pescoco pra fitar de perto, cicais bulro-  
namente, aquí meu malfadado olló grolo,  
e cabilando que serfa causa de manxar,  
axeitoume un peteirazo tan ben dirixido  
que me deixou torto. Agora si, os médicos,  
dispois de lambéronme outra manchada de  
cartos, puxéronme un olló de vidro tan ben  
imitado que bulfa e todo.

A cantas mulleres engayolei chuscán-  
doles o olló de vidro !

Morrin antre cobertores como morren á  
petio os bós homes e ben afaltado e ben  
peiteado e co meu traxe dos días de festa  
—que por certo levoum o enterrador ó  
siguiente día de me enterrar fun pra debai-  
xo dos terróns sen que ninguén se lembra-  
se de quitarme o olló de vidro.

Deitado na miña caixa de pino repousei  
moitísimos días, tantos que perdiñ a con-  
ta. Apodrecín axiña e os poucos días d'en-  
terrado socomenzaron os vermes á faguer-  
me cóchegas.

Compre dicir qu'eiquí non está permiti-  
do presentarse en sociedade con farrapos  
de carne fedenta apegados nos hosos, pois  
os esqueletes, que non ven nin comen,  
nien tan ben com'os vivos; así é que na-  
mentras os vermes non manxaren a pouca  
treba que trouxen, non puden erguerme.

Foi unha noite de luar cando saiu da  
cova por primeira vez. Traballón custou-  
me desentoller as pernas e cando m'er-  
guín e botei a calivera fora da terra, fi-  
qui pasmado... Aquil olló de vidro que me  
sirvira na vida máis que pra non pasar  
por torto, sirveme agora pra ver...

Tolo de contento quitei o olló, diulle ca-  
dro bicos e volvíñ-o a pôr no seu sitio.

D'un pulo brinquei da cova e fun car'o  
rueiro d'esqueletes.

Os esqueletes son tan parvos com'as  
 persoas. Abonda decir que non pensan  
mais qu'en beilar.

Pra min todolos esqueletes sen o mes-  
mo. Pásame n'este mundo de hosos o que  
me pasaba no outro c'os negros, que todos  
eran igoales. En troques iles, anfre si, co-  
ñéncense moi ben. Debe sere porque iles  
son cegos i-eu vexo...

Farto de vellos beilar com'os osos ó son-  
da "Danza Macabra" de Saint Saens afas-  
teime do ruedo e reparci n'un esquelete

qu'estaba sentado n'unha campa e que  
tiñ'a calivera ladeada (expresión de tris-  
tura e melancolia n'este mundo). Cheguei-  
me a él e fitei como na caixa dos cadíriles  
tiña acochado un esquelete pequerrechiño.  
Axixa decatéime que era un esquelete de  
muller e inquiriñ agarimosamente:

—¡Vostede será algúnia muller das que  
mataron en Osera, Nebra ou Sofán?

—Nen, señor, non—respondeume—. Eu  
morrín d'unha pena.

Disposi reparci que n'os hosos dos ca-  
díriles non tiña ningún buraco de bala.

—Moi fonda debeu sere a pena.—dixenlle.

—Si, señor. Eu morrín namorada  
do home que apodrece debaixo d'esta  
pedra.

E ollando a pedra fin un epitafio en  
verso e pendurado da cruz vin un re-  
trato posto n'un marco de varilla dou-  
rada. Era un mozo de bigote arrichado,  
fumando un puro con anilla.

Non quisen saber máis e fumme dei-  
tar.

\*\*\*

N'estes días hay moitos enterros.  
Non sei se haberá andacio, pois revo-  
lución non debe habel-a co-a cobardía  
que tafien os vivos. Cicais haxa folga  
de médicos, anque non coido que os  
médicos poidan influir na mortandade.

A carón de min enterraron un, e pra  
sair de dúbidas peteille na sua caixa.

—¡Hay andacio na cibidade!

—¡Eu que sei!— respondeume unha  
voz coma de home que tivese a boca  
cheia de papas. (Debe ter xa podre a  
língoa).

—E logo vostede non sabe de que  
morreu?

—¡Eu pegueim'un tiro!

Déronme ganas de rir, pero non pu-  
den. Os esqueletes non rim á cachón.  
O bandullo é a fonte da gargallada e  
sen bandullo non pode habere garga-  
llada.

—E logo il haberá folga de médi-  
cos?

—Non hay folga, non, pois denan-  
tes d'enterrarme un médico arreman-  
gado, abriume a cachola c'un serrón.

—Adeos, logo, compaíñeiro, e que  
apodrezas con felicidade.

\*\*\*

Por pasal-o tempo fun ó cimenterio  
civil. Ali non se beila; ali todo é serio.  
Candro entrei funme cara un fato d'es-  
queletes qu'estaban escoitando a lerla  
d'unha calivera que tiña un buraco  
n'unha sen. As suas verbas tíñao a  
todos co-a boca aberta; pero na médea  
hora qu'estiven escoitand-o non puden-  
tansiquera apañar unha idea. Aquil  
suicida tiña un só ideal: a República.

Eu no mundo tamén fun un pouco  
republicano anque nunca pensci que a

República fose d'abondo pra gobernar  
Hespánia.

O que más me fireu d'aquela xente  
foi que non quixesen falar galego, ain-  
da sabendo que os esqueletes non po-  
den falar ben o castelán. Non ten volta  
que darrle: sen gorxa non pode pro-  
nunciarse a «j» nin a «g».

Oindo decir que o progreso vai car'a  
unidade tomei a parola pra decir que  
o progreso íña car'a harmonía e que  
se o progreso fose cara isa unidade  
antipática, antiestética, antinatural e  
criminal, por riba do progreso está a  
perfección e que nós, os galegos, por  
un desexo de perfección e por unha  
dinidade que xa vai sendo dinidade  
personal non debíamos querer que na  
fala dos nosos abós se eispresase somen-  
te a incultura que lle debemos ó centralismo.

N'aquí intre esquecime que non era  
home nin suxeto de dereito. ¡Ay! Eu  
xa morrín e non son nada e ainda hei  
sere menos cando a terra me coma de  
todo. Comprendendo qu'era no mundo  
dos esqueletes, volvíñ a decir:

—¡Cómo queredes falar castelán se  
non tendes gorxa?

Ainda non rematara de ceivar a de-  
rradeira yerba, cando un esquelete ou-  
to e forte turrando por min apartou-  
me d'aquila xuntanza.

—Vostede facer mal falar con oito-  
centistas.

—¡Era un inglés que falaba galego!

Camiño da miña cova fun cavilando  
que «ser» sonante republicano é coma-  
ter a «profesión» de Diputado a Cortes.

Son moi amigo do inglés. Xuntos  
paseamos moitas veces. Onte saímos do  
cimenterio e fomos pol-a estrada falan-  
do de mil cousas; por certo que un  
mozo que íña tocando no acordión un  
paso-doble flamengo, ó vernos, guindou  
co «escorrenta pórceos» (así lle chamaba  
eu cando vivía) e fuxen com'un lóstrego.  
O inglés e máis eu choutábamos pra  
botar fora a risa que tiñamois na i-al-  
ma.

Voltând'ò cimenterio falamos da terra

—Moito falan da terra os vivos! Un-  
ha cousa é a terra e outra cousa é a  
paisaxe. Pr'os vivos a terra é unha  
cousa ben fermosa por certo; pr'os  
mortos a terra son as tebras. Eu penso  
que non morreríamos se a terra non  
precisase de nós pra dar regalia ós que  
van nacendo. A terra quer cousas po-  
dres pra botar herbiñas e floribas e lu-  
cirse á conta dos apodrecidos.

Seique foi María Guerrero que n'un  
intre de cursilería e pra engayolar á  
un fato de galegos parvos, dolle un  
bico á unha manchada de terra galega.  
—Mellor fora que bicare a codia d'un  
pino ou a tona d'un carballo! A terra

galega metida n'unha ola é com'a terra castelán, poño por caso de comparanza. Os irmáns pinos e os irmáns carballos, qu'ha tragar, a terra ises si que son galegos.

Acabo de descubrir un gran defunto no inglés. O descubrimento custoume unha fonda pena. Parece mentira qu' unha i-alma tan ergueita e tan intelixente teña un humor tan pouco noble.

O inglés ven a buscarme cuáseque todolos días á miña cova, e coma eu son nugallán pra erguerme, il entreténse falando e xogando co esquelete d'un rapaciño que repousa cabo de mí.

Ollade que clás de xogo entretiña ó inglés:

Dáballe un guindamazo na calivera ó rapaz e tiráballe con ela ó chán, e dispois poñíase a choutar. O probe do esqueletiño cacheaba á tentas a calivera e dispois poñía no seu sitio dicindolle ó inglés:

—¡Qué mal lle fixen eu? ; Estéase quedo!

O inglés prometía estarse quedo e axiña volvía á guindarlle co-a calivera ó probe esqueletiño. E así fixo moitas veces.

Eu cando tal reparei arrepúxeme ó inglés, que me respondeu friamente:

—Min divertirme moi. Min sentir non estar no outro mundo pra dar ó rillote unha esterlina.

No mundo os obreiros queren as patacas baratas, os labregos queren a suxa das patacas, e hay homes que non viven das patacas. Iiquí as patacas non son problema ningún; mais pol-o que fumos no mundo respeuto ás patacas, dividímonos en duas castas.

Hay no camposanto un «apataqueiro» que morreu cuáseque de fame e que oxe ten mausoleu de mármore. Foi home de gran merecemento na vida; mais agora é insoportabel en forza de coidar que non nacerá no mundo quen-o aventaxe coma poeta.

Outro esquelete de mausoleu de mármore foi un «americano» que, farto d'engayolar ós indios do Chaco con adosas de vidro, morreu en arrecendor de santidade, deixando cartos pra Escolas e Hospitales. O seu mausoleu ten no peruco de todo un símbolo da Caridade en figura de ama de cría. Iste filántropo conserva ainda un bisoñé que me fai choutar de risa.

O filántropo e mail-poeta téñenme moita xenreira. O filántropo dí que o poeta non fixo más que «macanas» (supón que quererá dicir versos). O poeta dí que o filántropo foi unha besta, d'isas que

..... sobre o ben e o mal  
consultan simplemente o código penal»

O poeta non é ben asisado. Anda

sempre pidindo unha calivera empresada pra recitar o monólogo de Hamlet, e ainda fai outras tolerías máis.

O filántropo non fai nin dí nada que mereza contarse. Sen cartos ten mortas todalas suas aitividades.

Agora xa sei porque o inglés tíñame tan grande estima. ¡Xa o vexo..! Pideume emprestad-o ollo; mais eu con moi aloumiantes verbas e con moi boas razóns, díxelle que non llo empresataba.

Debaixo d'unha cruz de pau mal pintada de ferruxo, repousa un esquelete que, según fala, foi tan desventurado no outro mundo como é feliz n'este.

—Eu era criada de servir—contou-me— Anque non era bonita tiña moedade. Un día caíume un dente e certo demo de señorito qu'andaba facéndome as beiras oferceume cartos pra que fose ó dentista. Mireime no espello e axiña comprendín canto me afedaba aquil portelo na boca, e tanto esgarabellou aquil señorito na miña tolería moza que deixeime agarimar e puxeronme o dente... ¡Ay! aquil dente custoume un fillo; aquil fillo custoume o creto e canto tiña de boa moza. Cain a rolos e atopeime co-a morte, sen saber o que era un traxe de seda nin un grolo de champán. Fea vivin, mallada e batida; agora podo dormir.

Ista sinxela lería deixoume amayado.

Lembrome que sendo eu rapaz cheguei meu pai d'América. O probe non trouxo más que uns borceguins vallos e un tarro amedeado de bicarbonato; viña enfermo e morreu axiña.

Sempre chorei o fracaso de meu pai que, na miña admiración de fillo, tiñen pol-o más bó, arriscado, intelixente e forte do mundo enteiro. Aquilas terras lonxanas que zugaron a vida do meu pai foron arreo maldecidas por min. Meu pai era dino de voltar san e millonario.

Onte no rueiro falábamos das nosas vidas e chegoume a vez de contar a miña. Ainda non rematara de contala cando un esquelete, d'ises esqueletes que parecen parvos, ergueuse coma un lóstrego e doume tan forte apreta que me rompeu unha costela.

—¡Era meu pai!

Con certo esquelete que trouxo na cachola unha biblioteca enteira, falamos de moitas cousas e de todas sabe moi to o meu amigo. De todas sabe moi to menos do que é o humorismo. Cando chegamos nas nosas conversas á tal punto, o meu amigo fai catro ou cinco funambulismos filosóficos, estudiúa o humorismo dos grandes humoristas,

fuxen as horas e no remate de contas ficamos sen saber migalla do asunto. As veces parece que vai chegar á definición e de súpito engadella más o fío.

Un esquelete ten de ser humorista e un esquelete galego moi máis aínda. Un galego é sempre socarrón ou humorista e a socarronería é o humorismo dos incultos así como o humorismo é a socarronería dos cultos. Un esquelete galego que trouxo unha biblioteca na cachola debía definir o humorismo e non o define e segun dí non houbo ningún que o definise aínda.

Eu, que non trouxen mais de tres ou catro libros na cachola, pónolle exemplos coma istes:

Un rapaciño pequerrechinho escacha unha botella d'aceite nas pedras da rua e o probiño chora..! Un home gordo, dend'a porta d'unha tenda, olla ó rapaz e rise. ¡Cal das duas figuras ll'intresa máis ó humorista?

Pol-a porta d'unha irexa saen dous novios acabados de se casaren. A noiva ¡malpocada! non pode tapar un hinchazo de sete meses. Na porta da irexa hay moita xente. Unha muller gorda abanea o bandullo co-a risa. Un home atafeg'a risa c'un pano na boca. Unha muller torce o focillo pra rire de mediado. Un home, que ten un libro debaixo do brazo, olla sereos a escea. Unha muller do pobo ten a cara triste. Outra muller, tamén do pobo, enruga o nariz e rosma pol-o baixo verbas coma ista: ¡sinvergonza! ¡Quén d'ista xente é humorista?

Un médico cachea o bacilo de Korek no esputo d'un seu amigo e de súpito ergue a testa, respira forte, acarifa o microscopio e dí, suspirando: ¡atopei-no! ¡Pode sere este home humorista?

Vestir un rapaciño de toucero ou de militar no antroido, ¡pode ser humorismo?

Direille.. direille—contesta sempre o sabio esquelete; e non me dí nada.

Eu ben podía escribir algo sober da Santa Compañía; mais o pobo galego ficaría sen un misterio n'as noites d'inverno cand'o maxín ferme na cachola com'o caldo no pote. Non; eu calarei coma esta.

O que «anda con mortos» que perd'a cér das meixelas, qu'enflaqueza e que morra. A Santa Compañía fai falla nas cecillas mornas ó redor da lareira, cando zoa o vento n'as tebras da noite.

Oxe meu pai, c'un lagarto apreixado n'as mans, faloume d'este xeito:

—Teño qu'ir ó S. Andrés de Teixido pra cumplir unha oferta que fixen. A miña i-alma ten que encarnar n'este lagarto e moi tardarei en voltar. Recoméndosche que non deixes de ollo a miña cova e que de vez en cando votes un-

Ha ollada ó meu esqueleto, pois teño un veciño coxo e pode roubarme unha persa.

Desde fai tempo veño reparando que un home de carne e hoso sae d'unha campa; gábea pol-a parede do címetorio e foxe car'a cibdade. D'ali á duas ou tres horas volta pro címetorio ensimíndose n'un decir amén debaixo da terra. A primeira vez qu'en tal reperei non queria dar creto ó meu ollo; mais o caso repiteuse moitas noites arreo.

Unha noite púxenme ó axexo agardando que xurdise da terra e fun detrás d'el. Correr corria o condenado; mais eu escorrendome pol-as sombras dos muros, non quitei o ollo d'enriba d'el. Chegou ó burgo máis probe da cibdade e parouse diante d'unha chouza entrando disposi n'ela por unha rendixa da porta. Eu rubín ó tellado e saltei á larta que daba detrás da chouza, e por un buraquiño puden fitar a escea máis arrepiante que poidera maxinarse. Unha lampariña d'aceite alumebaba mornamente a cariña fraca i-encovetada d'unha rapaza que durmia n'un leito misérrimo. O pantasma chegouse á ela i-estivo unha chea de tempo o'os beizos pousados no pescozo da rapaza.

Cando s'ergueu tiñ'a a boca oursada de roxo, namentras no pescozo corria un fio de sangue e na pele da sua cariña fraca arrupiaba a brancura da morte.

Aquel pantasma era un vampiro.

No siguiente día o fantasma chuchou o derradeiro sangue que podía dar a probe rapaza. Cando ainda estaba quente a badalada da unha no campionario da irexa, ouvieron os cans ventand'a morte.

O vampiro sigueu chuchand'o sangue de mais víctimas, que ían morrendo com'as lamparas d'aceite chuchadas polos morcegos.

Quixen saber quén fora o vampiro no mundo dos homes e fun lér o seu nome de brence no rico mármore da campa. O nome só abondonou: Fora un canalla que roubaba pra dar regalia ó seu bandullo de porco; dono da xusticia, roubaba dend'a confortabel casa... Pra qué decir mais! ; ; Era un caciique!!

Eu quería atopar maneira de darrile morte ó vampiro. Busca por eiquí, caachea por acolá... non puden abranguer n's currunchos do maxín unha boa informa pra matal-o e quixen falar co esqueleto que trouxo unha biblioteca na cachola, pra ver se me daba luces a sua conversa.

—No vampirismo crén moitos pobos e hay moitas probas xudiciaes de aparições de pantasmas que chuchan san-

gue das persoas; mais eu penso que non se debe dar creto á semellantes contos. Fuxiron os tempos en que o verdugo queimaba os cadavres sospeitosos de vampirismo e oxe non se permitiría en ningún país espesar unha estaca no curazón de ningún cadávre.

O meu amigo, cheo de cencia oficial, moqueábase das xentes sinxelas que crén nos vampiros. Eu gardei o meu segredo pra non pasar por parvo e seguí perguntando solerminamente.

—; E hay sabios no mundo que crén no vampirismo?

—Hainos. A fundadora da Teosofía fala d'iso e conta moitos feitos d'estas. N'o seu libro «Isis sin velo», de sona universal, acolle a explicación do fenómeno por causas físicas, anque descoñecidas, que empregou a escola hipnótica do francés Pierart. Segundo ista escola cando un morto aparente estivo moi apegado á materia e foi na vida un malvado, o corpo astral, envolto no doble etéreo, sae da sepultura con obxeto de manter ó físico con sangue que chucha nas persoas vivas, e d'esta maneira perpetuare o estado cataléptico do sepultado. O corpo astral comunica o sangue por un medio que ainda non se coñece; pero esperan qu'algún día o espliquen as cencias psicolóxicas.

—; E vostede nin tan siquera ten dúbidas?

—Eu, que son home ben asisado, non creo; anque, de certo, fanme cítilar certas cousas, como son as mortes aparentes e o feito de habérense atopado cadavres que ainda tiñan as carnes moles, os ollos abertos, o coiro sonrosado, a boca e o nariz cheos de sangue, que tamén xurdía das feridas que, por asesinato ou por axusticiamento, lle produxeran a morte.

—; E de qué maneira sé pode matar ó vampiro?

—Pois... pra separar o corpo astral do físico non hay mais remedio que queimar o cadávre.

Non quixen saber mais. Afasteime da miña biblioteca e fun pensando pr'os meus adentros: —Vampiros hainos; pois logo, pol-o si ou pol-o non, debían queimar á todolos caciques. Os caciques son capaces de facerense os mortos pra seguir vivindo á conta d'os malpocados».

Eiquí dou por rematada a leitura das memorias do esqueleto. As memorias son más longas; mais co dito abonda pra un decatarse do humorismo do esqueleto que tiña un ollo de vidro.

Eu quería decirvos como é o meu humorismo e pra iso botei man dos paipes mercados ó enterrador de cibda-

de, xa que a semellanza antre o humorismo do esqueleto e más o meu, non pode sere meirande. Os dous temos un mesmo fondo sentimental e no noso espírito, ateigado d'amore á Terra, campa un saudosismo que nunca chegará a mesturarse co-a retórica mediterránea.

Foi Pío Baroja, home de mal-humor, que dixo que fai falla tér gosto anárquico, pois os homes de bo gosto somente aceptan o que xa está aceptado e que somente aplauden o que xa está aplaudido. Eu, que son galego por mandato do meu sangue, non podería guindar co humorismo herdado de meus abós, pra entrar, sen dentes, na mesta cofradía de homes de bó gosto, que ten envenenado o ambiente das nosas cibdas.

O meu humorismo, que ven dos labregos e dos mariñeiros (únicos dinos do espírito da Terra) tiña de falar en galego, pol-a Verdade e polo Arte.

Eu non teño nada que ver cos chamados humoristas españoles, que, polo visto, semella son os de Madrid. A guitarra é española, a gaita é galega. Eu son galego com'a gaita. Dende logo eu non podo transixir c'uns homes que se rían do cesante e do mestre d'escola cando na Francia se rían do burgués. Apa e Bagaría son cataláns; eu quero sere galego.

Se o humorismo fose un Arte no que coupesen clasificacións, os humoristas españoles figurarían nas partes más baixas da escada, xa que a sua comididade de cepa flamenga, xustifica ise desdén que, segundo Sacha Gutry, sinte todo mundo polo que o diríte. Eu non pretendo divertir a ninguén; e co dito sochor do meu humorismo abonda pra entrar de cheo no que eu entendo que debe sere a caricatura e o dibuxo humorístico.

## II

### Dibuxo Humorístico

Chámase decote caricatura a todo dibuxo humorístico; mais eu prefio a caricatura por causa moi diferente do que é o dibuxo humorístico. Cicais poden serse caricaturista sen ser humorista. A caricatura é un xeito novo de deseño: un Arte que naceu en Munich á medeados do século derradeiro. En troques pode serse dibuxante humorista sen acollerse á técnica nova nin tan siquera ó impresionismo da liña: os dibuxantes ingleses teñen ainda os ollos postos na Inglaterra de fins do século XVIII.

O humorismo ten a sua capital en Inglaterra. A caricatura ten-a en Alemania. O dibuxo humorístico—tal como eu penso que debe sere—cicais a tenfa na Francia.

Os ingleses, tendo no espírito o mellor humor do mundo e tendo ademais un dominio grandísimo do deseño, es-

queceron, cicas, que todo Arte, coma todo idioma, e movemento que non escaha nunca as suas carauterísticas nacionaes. Os dibuxantes ingleses, no tocante ó dibuxo, viven enquistados n'una dogmatismo académico que aplaca moito o seu ergueito humorismo.

Eu penso que un humorista dibuxante, coma todo humorista, ten de ser bô observador e bô psicólogo e polo mesmo impresionista. Esplicareime. O dibuxante puro fit'aas cousas que aloumisan a sua retina ou o seu gosto artístico según a Retórica ou a Poética que leve na i-alma, e represent'aas cousas vistas ou maximadas tal com'as veu ou maximou. As veces o dibuxante puro tamén representa cousas grotescas ou anormales, e non por iso é humorista: no grotesco e no anormal—coma dí un moderno escritor—pode existir a estética, pois «a estética é a concencia do Arte, así coma o artista é... a sua vontade». O dibuxante humorista fai algo máis: diante da vida o seu senso crítico vai desfrangüllando canto fita e dispois de descompôr e analizar, esterioriza o seu análisis amostránanos somente os elementos escollidos por el. Ahí tendes porqué, un dibuxante humorista, ten de ser impresionista.

Os dibuxos humorísticos poden sere: fantasias, parodias, sátiras e retratos. Botando man de verbas alleas pódese decir que os fantasistas crean a psicoloxia, os parodistas coméntana, os retratistas cópiana. E así com'a fantasia non busco o ridículo, senón que o crea, e a parodia busca o ridículo nas esceas da vida (o ridículo que non notaron os personaxes da escea), a sátira perde a sua carauterística de bô humor e fire coma un coitelo afiado. A fantasia e mail-a parodia poden chegar á ironía; «a sátira garda sempre un ataque ou unha dôr».

Poida que non sexan humorismo nin a sátira nin a ironía; mais con todo eido que diante das mágoas da Terra asoballada, calquera humorista de Eos cepa galega ten de convertirse en satírico ou ironista. ¡Cómo, senón, poderia manifestar un humorista as suas xenreiras e as suas carixas? Dous humoristas pensadores, Forain e Abel Faivre, fan chorar co-as suas esceas da miseria espiritual de París, e calquera dibuxo humorista francés, apañado na realidade da vida, terá un pouco de miseria espiritual; en troques os dibuxos ingleses abanéanse ante un pésimo burlón e o más acougado optimismo. N'un país ben gobernado, onde hay d'abondo fartura, os humoristas non choran nin firen; por iso non haberá optimismo nos humoristas galegos, enraizados na Terra, namentres escotemos os seus layos de dôr. E velahi-

tendes a razón do meu pessimismo, un pessimismo qu'eu maxino ceibador.

Non quero falar d'ises malpocados dibuxantes que incan' os defectos alleos, d'ises fillos dos vellos e ben esquecidos caricaturistas que din ás persoas ben feitas fisicamente: —Vostede é guapo; non ten caricatura...

Eu non quero, nin têr ós meus pés, a quén pense que o grotesco na vida é o deforme. Non; o deforme pode facer rír ós inconscientes ou ós malvados.

Na miña primeira mocedad, dina da Casa da Troya, cand'a miña i-alma sofría de xarampón e non pensaba máis qu'en sair de tuno tocand'a guitarra pol-as ruas, fixen os primeiros dibuxos humorísticos n'unha revista pr'americano». —Acúsoma de ser eu quen dou empezo a isas carantonias porcas, a ises monicreques noxentos, á isle humorismo de taberna que ainda oxe campa na mesma revista pra regalia dos licenciados de Universidade. Abafado de vergonza confésome culpable e renego da miña primeira mocedad.

O dibuxo humorístico debe sere outo e pra iso ha de furar os nosos sentidos e meténdose no mundo interior domeará os nosos sentimentos axeitand'os á Ben; d'isa maneira será útil. Diante d'iste Arte non terán razón os evolucionistas que consideran todo Arte com'un xogo ata chegar a oponel-o á toda utilidad.

Nunca puden decatarme como Taine e outros consideran ó pintor de almas, espíritos i-emocións com'artistas inferiores (e quén di pintor di dibuxante). Iste historiador—mellor que estético—asegura que «son observadores que naceron pra facer novelas i-estudios de costumes e que en vez de ter unha pluma na man teñen un pincel». E qué más dá facer abalar o curázón humán c'unha pluma que c'un pincel..? Un humorista que non teña habilidade pra escribir; porqué non ha de pintar ou dibuxar? Unha comedia ou un drama n'un dibuxo lèse d'unha ollada e con iso afórrase atención. O principio formulado por Spencer sobre da economía da força ten a sua aplicación n'iste caso. Ademais, com'a expresión do xeito é universal afórranse as traducións, sempre malas ou impropias. Permitideme que repita o que dixen xa fai anos: «un piorno que pol-as suas rendixas amostra somente o ceo di moito más da fame d'un ano que un «artíficio de fondo».

Pelo que vai dito parece qu'eu non vos son amigo de rír, e trabucado estará quen tal pense. Eu ben quixería que o meu Arte rise con esa risa dos meninos, dos bós, dos sáns e dos felices; mais coma humorista galego, fondamente e sinceramente galego, teño que

fogar as miñas risas diante d'una verdade que chora.

Eu ben quixería, ben, poder decir con Victor Hugo

«Soyon joyeux, Dien le désire  
La joie aux hommes attendris  
Montre ses dents, et semble dire:  
Moi qui pourrai mordre, je ris.»

Mais o meu galeguismo estame sempre dicindo á orella: Ti, que podías rír; morder...

Eu, que xa fai moito tempo biquei pra sempre a Venus de Milo, non ando detrás da Beleza, e no dibuxo, coma na idea somente busco a Verdade, convencido, com'estou, d'o acerto d'aquel vello principio escolástico: Verdade, Ben e Beleza son convertibles.

En todo hay fealdade, se queremos, i-en todo hay Beleza sabendo fitar as cousas. A más fermosa meniña, de ollos craros e cabelo d'ouro, ten no bandullo moitas baras de tripa e a cousa más pedre, levada ó microscopio, pode darnos fermosos temas decorativos.

A orientación do humorismo oponse á das outras fases do Arte, que interpretan d'un xeito definitivo, a Natureza. O humorismo interpret'a Vida d'una maneira sinxela e forte, non somente plástica senón ideolóxica, e así com'a no dibuxo puro a forma é o fin, no humorismo é un medeo pra eispresar ideas.

Os dibuxos humorísticos teñen un outro valore pra Historia, pois debaixo da risa ou da sonrisa repousa un comentario xusto á Realidade. Ben di un escritor afeito ó novo Arte: «Simpleficada a forma e sintetizada a idea adquire este Arte o cariz d'un elemento que intervén en todolos feitos sociaes, pra disuertos, aplaudilos ou censuralos, aportando o valore efectivo d'un xuício que moraliza ou encamiña a opinión».

### III

#### Caricatura

N'esta derradeira parte empregarei arreio ideas xa espostas por min no Ateneo de Madrid, pois anque xa fai anos d'isto, ainda oxe penso da mesma maneira.

Primeiramente compre que definimos a caricatura decindo que é unha abreviatura do dibuxo.

Os diccionarios todos, e o da Real Academia tamén, siguen trabucando ás xentes, facéndelles crér que a caricatura é un dibuxo pra facer rír, cousa que polo visto consíguese con dibuxar narices longas e pés coma sollas... Poida que no tempo do «Madrid Cómico» os nosos abós estoupansen de risa cos dibuxos de Cilla e Mecachis; mais oxe chegamos á tal insensibilidade por perfeccionamento nervoso que xa non temos cóchegas com'os rapaces.

O concuso craro da caricatura vai

entrando pouco a pouco no miolo da aristocracia intelectual e no dos profesionais da liña; pero ainda non tomou posesión de todalas cacholas cultivadas.

Un pintor do tempo de Apeles deseñou unha figura grotesca e chamouelle «Gryllus», i-esta verba espallouse de tal maneira que se fixo estensiva a todalas composicións ridículas. Dende entón fixéronse moitos «gryllus» e houbo tamén moitos «gryllistas»; mais a caricatura naceu fai pouco máis de médeo cento de anos.

Xa que os pais do Arte novo non puxeron nome novo tamén ó seu fillo, eu busquei é gábome d'habelo atopado, comprido nome ó Arte vello, chamándolle «gryllismo». Non sexa o conto que se pense que xa que a caricatura herdou o nome, sexa filla do Arte vello...

O culto á liña poída que veña do Xapón ou d'os antigos artistas do Exipto; coma tamén poída que a caricatura sexa unha volta ó arcaismo coa eisprencencia do camiño andado; mais eu penso que o sintético na idea trouxo un impresionismo na liña e que a caricatura non é mais que a médea matemática d'as liñas d'un dibuxo impresionista.

Dádeme un bô dibuxo impresionista e por riba d'él calcarei unha boa caricatura. Do dibuxo humorístico naceu a caricatura que non é mais que a perfección ou mellor anda unha síntesis do dibuxo impresionista. O gryllismo deformaba a realidade buscando no anormal a fonte da risa; a caricatura sintetiza unha realidade taxible sen escachar a armonía do conxunto. A caricatura é un Arte fillo de novas ideas, que os críticos ainda non entenden ben, por non axeitarse ás vellas tábuas de valores. Tan novo é iste Arte que ainda non lle cicatrizou o embigo.

Non sempre a caricatura é unha abreviatura do dibuxo ou unha síntesis do impresionismo da liña, obedecendo á leises determinadas. Moitas veces, o caricaturista cheo de inspiración, deixa á unha beira a folica dos métodos e das reglas, e fora de toda realidade, deseñá arbitrariamente i-empíricamente, pero con acerto, todol-o que se propón. Hay caricaturistas ar-Bagaria, por exemplo, é arbitrario an-Bagaria, por exemplo, é arbitrario anque moitas veces a sua preguiza faino caer no autoplaixio.

O caricaturista, rompendo sempre «a gran armonía do ecuánime», será tanto mellor canto mellor nos dea o seu espírito, empregando a técnica simple, pero dificultosa, dos impresionistas ou dos arbitraristas, polo que a caricatura entra n'as izquierdas mais avanzadas do Arte.

A caricatura, fuxindo da sensibili-

dade femenina, diferénciase das chamadas «Bellas-Artes» pola maneira de facer, basada na simplicidade, isto é, na supresión do que non sexa eispresivo.

Dad'o carauter sintético da caricatura non pode ser comprendida por quén non estea no segredo... Pra saber se un home pode entender a caricatura amostrádelle un cascabel e perguntádelle onde está a sua risa. Se non é intelixente teredes que pintarlle unha nariz e uns ollos. Entón vera-a.

A caricatura escolle os rasgos esencialmente eispresivos e fuxé de tod'o que sexa auxiliar ou accesorio, no que se diferencia iste Arte de todalos demás. Poderá decirse que ista sequedad esquemática rifa con todalos credos artísticos? Ora o demo... quén pensa oxe nos credos artísticos? A caricatura non fóxe da realidade; quén fóxe da realidade son as artes que teñen a Beleza por única norma; mais con todo debo repetir que o novo Arte non deixa de sere estético, o que pasa é que identifica a Beleza co-a Verdade. E vede agora como é grande un Arte que ceiba da sona de fealdade á médea Natureza i-en boas costas, moi polo baixo á dous tercios da Humanidade.

N'este mundo todo ten caricatura: as persoas, as cousas, a vida. O que pasa é que moitas persoas non teñen retrato e poucas vidas teñen bonitura.

«O verdadeiro obxeto do Arte é a eispresión da vida»—dinos Guyau. A caricatura coma Arte verdadeiro pode limitarse ó cómico e ó humorístico, según pensan moitos. Dí Croce: «Quén determinaría nunca lóxicamente onde testa o cómico eo que non é cómico, a risa co-a sonrisa, a sonrisa co-a gravidade e deseñará con liñas precisas a corrente continua en que s'espalla a Vida?

A meu xuicio unha caricatura debe facerse despreceando esa beleza convencional que ten por defectos moitos elementos d'eispresión que, ó mellor, reflexan unha bela calidade psicolóxica; debe copiarse a actitude e a eispresión d'un inter psicolóxico, a sua idiosincrasia, cando se poida; e todo iso co-a más pequena cantidade de liñas, as indispensables para que se comprenda a eispresión, pois xa se sabe que non é a anatomía, senón a fisioloxía, o que se retrata e o inmóvil, coma non di nada aforra liñas. Por iso d'unha caricatura sómente deberá decirse: Está ben ou mal eispresada.

Non é cousa do outro mundo facer eispresións perfectamente definidas co-a tristeza e a legría calladas no pranto e na risa; mais é difícil deseñar os pequenos matices da eispresión e as suas múltiples combinacións. A risa franca, aragonesa, que s'enxendra no bandullo (fonte da gargallada) pode sere de «ja», «je», «ji», «jo», «ju» e na-

da mais; pero xa non así os mil matices d'ista eispresión que algúns fan privativa do home incluidos baix'o nome xeneral de sonriso co-a que se disfrazan sentimientos de importancia, coma a ironía, a maldade, a tristeza, a bondade, a dôr, a loucura e a tolería. As bágoas de dôr espiritual... son mais difíciles: podemos tropezar co-as «bágoas de cocodrilo» cos «pucheiros» e co «pranto da legría». Nas bágoas hay moita falsificación, dend'as persoas que carpan polos defuntos, ata as que, debruzadas, impan polo nariz abalando corpo coma un corazón. A dôr meiran de e a que se deseña nunha cara chea de serenidade.

Non quero falar do finximento d'eispresión que a miúdo emprega o home e non sempre con mala idea. N'esto é onde se manifesta moito a pericia do cacheror de espíritos. Cand'o artista é bo adiviño do xesto, debe por médeo d'unha acción analítica, presentárol-o d'un xeito sensible co-a significación que s'esconde ou desfigura baixo a sua maior complexidade.

E, pois, moi longa a esqueira d'as eispresións enteiras e das médeas, coartas..., centésimas e milésimas d'eispresións. Se atá os mortos a teñen! E tamén os montes, as pedras, as casas...

A iste propósito compre relembrar isto dito de non sei que pensador alemán: «Cieais o espírito durma na pedra, soñe na besta e desperte no home».

Na eispresión do nariz fago miñas as cousas d'un humorista inglés: «de frente o punto invariable é o nariz; colgar polo nariz a un home é celo polo médeo de tod'a sua representación e do seu carauter. A eispresión de perfil está toda ela no nariz, que nos dá co-a sua forma e o seu tamaño o xuicio que lle merecemos ós demás: á meirando tamaño, meirando consideración social».

Os ollos teñen a eispresión que lloran os párpados. Demostraríase isto sacándolle a unha persoa os ollos e poñéndolos n'un plato: tanto diría un ollo azul coma un ollo negro.

As cexas e a boca son o «clon» da eispresión e a defensa dos nosos defestos morales pola movilidade voluntaria que teñen. Polo nariz e polo ollos ainda se pode cofiecer ben ás persoas. Polas cexas e pola boca pódese ollar arreto a bondade do avaro, as coitas d'un ladrón, a cencia d'un médico, a honradez d'un abogado, a austeridade d'un xuez, etc., etc. Tamén hay homes bós que se disfrazan de malos, cicas pra defender a debilidade do seu curazón.

Os bós caricaturistas non han de facer com'os cómicos que saen á esenza disfrazados de avaros, ladróns, médicos, abogados, xueces...

Os caricaturistas necesitan coñecer os músculos da expresión, pois, esquécendos doi ntrés que ten o home en agachalos seus defectos, a esteriorización do noso espírito está no engranamento d'os músculos. «Todo sentimento é un estímulo incitador d'unha acción muscular»: así dí unha ley fixiolóxica. E coma as contraíções d'os músculos producen pliegues perpendiculares á suad iriección (principio de Camper) podérase representar por médo de liñas todolos estados do espírito chegando a i-alma d'as persoas e d'as mesmas cousas.

Non falaremos nada d'as expresións que obtivo Duchene no cadávare polo-contracción dos músculos da expresión, nin tampouco falaremos dos interesantísimos traballos feitos por Darwin.

Sómente abonda coñecer os tres esquemas de Humberto de Superville, pra decatarnos do valore expresivo das liñas.

E indubidabel que as liñas horizontaes dan sensación de tranquilidade, as oblicuas d'enriba abaixo e de dentro á fora dan-a de tristeza e as d'enriba abaixo e de fora adentro de alegria. Isto é aplicabel ó inanimado.

Para mim a caricatura é superior á pintura tradicional. O novo arte, vestido simplemente c'úna sotana de crego, ten moito más espírito que a pintura tradicional vestida con atramallos de seda i-escarola de gasas. Naméntras o neto pensa no futuro a sua abó relembrá con impertinencia o tempo da sua gloriosa mocedade.

Gabemos e loubemos a pintura tradicional; pero non fagamos pintura tradicional.

A pintura tradicional xa chochea, pero deixa descendencia en dous artes: a pintura pura e a caricatura.

Non sei se me darán creto os homes ben asisados; mais eu teño que decir vos sinceramente que a pintura tradicional parécelme un mueble antigo naméntras a pintura pura, polo seu outo valor musical, parécelme unha flor. Pra min o que non sexa a cór pol-a cór é fabricar muebles antigos.

Polo que vai dito non pensedes que a caricatura non admite a cór. O que pasa é que a cór entra co seu valor expresivo e participa da simplificación do novo arte.

Aquela proporción de Guillaume Apolinaire

Pintura tradicional — Literatura

Pintura pura — Música  
cicais poida trocarse n'esta outra

Caricatura — Literatura

Pintura pura — Música

Pra rematar direivos que cando poída pintarei as sinfonías d'a nosa paisaxe e se teño vida morrerei sendo paisaxista.

Dixen.

Pontevedra, 1 marzo 1920.

## Avisos

Tivemos a fatalidade de que, por falla d'existencias na Cruña, o papel no que nos vimos obrigados a imprimiar os números derradeiros d'este boletín, fose cativo e impropio d'unha revista.

Millorarémolo axiña que poidames. Non é culpa nosa. E polo mesmo disimulen os lectores.

No adjante, somente pubicaremos pezas d'aquellos nosos colaboradores a quienes lle temos pregado que nos manden cousas en verso, por estaren xa reconecidos coma bons poetas.

Non se pode conecer o movemento galego novecentista sin ler A NOSA TERRA.

Ningunha persoa verdadeiramente culta de Galicia dexa de lela.

Todo bô patriota debe axudar a propagala.

## Unha cousa é falare...

Moito falar da Arte galega, moito entusiasmo pol-as cousas da Nosa Terra, e logo, cando chega o momento de probare con feitos estes amores, xurde o triste revés.

Agora douse un caso dos mais sintomáticos e abraíantes.

Hai unha comisión de donas e señores da boa sociedade cruñesa, encarregada d'achiegar cortes pra facerlle un homenaxe a Sofia Casanova. Este homenaxe, amén d'outros, ha consistir en ll'erguer un sínxelo momento c'o seu busto áquela escritora.

E ¿sabedes a quien ténselle confiado facel-o busto? Pois a un escultor...madriño.

O insine Asorey, solicitouno énutilmente, quando desexaba pôr n'él todolos seus folgos enxebres, todolos seus entusiasmos de bô galego e de grande artista!

E signindo este camiño ¿temos direito a que xurdan escultores?

Coullant Varela, Querol, Benlliure son os artistas que conocen o valor dos artistas galegos e son tamén os que, c'os "churros" que nos deron, teñen direito a rirente de nosco.

Haivos cousas que dan noxo e grima.

**Lea vostede  
A Nosa Terra**

## Mirand'o campo

### A Antón Vilar Ponte

Andaba arando Manoela,  
Traguía anteporto ó gando;  
No llindeiro preto d'ela  
Os meniños enredando  
Cubertos cunha mantela.

Estab'ó mais pequechíño  
Durmindo drento d'un cesto,  
(India no andaba o probiño)  
E percisaba por esto  
Goidaloo con más cariño.

Emigrara pra Outra-mar  
Facia un ano o seu home;  
E por mor de traballar,  
A probe, siquera come  
Pr'atender fora e no lar.

Unha maldita pinsión  
Metéunos nun potroteo,  
E pra salir da quistión  
Quedaron de pé no alleo  
Sin nada, queiras que nón.

Pra recobral-o perdido  
Mingos embarcóu pra "Fora";  
Deixando o fogar querido,  
Deixand'a muller que chora  
A ausencia do bon marido.

El traballou com'un mouro,  
¡Maipocadó! algo mandéu;  
Pro tiña que xuntar ouro  
Pró gran debete que quedóu  
No seu fogar, qu'é un tesouro.

Todos los meses arreo  
(Anque no-esquirbia él)  
Traguía cart'o correio;  
Pero faltou a d'aquéi  
¡Turbouselle a elia o ceio!

Tan presto acabóu de arar  
Deull-a tetaña ó seu neno;  
E logo pró adorméntar  
Decindo ¡Ay Dios! canto peno...  
Así empezou a cantar

... e ... e ... Durme neníño  
"Cartas me viñeron cartas  
Cartas de meu queredío,  
Cartas me viñeron cartas...  
Que morrera no camiño".

A chegar á casa oéu  
Uns vecíños cuchuchando,  
"¿Non sabes? ¡Mingos morreu!..."  
Presa de door, tembrando  
Aítr'os filliños caéu!...

"¡Ay meu Dios! cantas Manuelas  
"Hay no Galiciano chán  
"Viudas, con moitas gabelas;  
"Ou o home é un lacazán  
"Que non se acorda mais d'elas!".

RAMON GOLPE SANCHEZ,

## Liñas de loito

Noso distinto irmán Xavier Prado Lamero, d'Ourense, que ven creando un xénero de xalente galego moi enxebre e xenial, fálase magoado por unha fonda dôtre: a da perda da sua dona, que a morte lle levou en mala hora.

Nós, abraiados na i-alma pol-a triste noticia facémonos intérpretes do sentimento de tódolos irmáns de Galicia ante a pena fonda de Xavier Prado.

Outro simificado irmán, don Galo Salinas a quen moi estimamos, sofreu tamén unha triste perda: a do seu sogro, un bô home, exemplo de honradez.

Con este motivo testinomiamoslle o agradido autor da "Filla!" o noso pesar mais sincero e afetuoso, saído da i-alma.

Eis un rapaz, ategado d'enxebrismo, bô com' o pantrigo, intelixente e sabido, que s'alonxa de nós pra gañal-o sustento fora da Patria.

El traballou muito i-arreo pol-a causa nazonalista, i-agora marcha pr'a Habana, enhondonos de sentimento a sua partida.

Baltasar Edreira, pertencia ó coadro de declamación da "Irmandade" da Cruña: era un sítio comic, de pura cepa en xebre, que ninguén podía superare. Conquistou entre nós moitos e xustos agradidos. Fíxoo o papel do "Ricardo" na "Man de Santiña" de Cabanillas cand'o estreno, e agora deixanos, Deus queira que pra tornar axiña os cídos nativos san e satisfeito.

Doinos na i-alma a sua marcha, como nos doi a de tantos outros "bôs e xenerosos" rapaces qu'emigran por non atoparen acel na sua Terra o pan que teñen que sair a buscarse nas alleas e lonxanas.

¡Por mor dos porcos e ususeiros ricaños de Galicia!

## Liñas de intrés

### O censo dos bôs e xenerosos

Pregamos a cantos, mozos ou vellos, (inda que xa sabemos que han ser más mozos que vellos os que atendan o noso berro), sintan o idéyal nazonalista galego, estean ou non imposibilitados pra autuaren públicamente, manden o seu nome pra inscribirnos nas listas segredas de simpatizadores do galleguismo, os que chamaremos "bôs e xenerosos", conforme ó dito de Pondale.

Esto ten fondo intrés, pois vimos facendo, desde xa fai tempo, un reconto íntimo de vontades galeguistas pra manter acceso n'elas con cartas i-outros documentos deixados da publicidade, o fogo da Santa Causa da libertad patria.

Inda aqueles estreitados d'un xeito invulnérable, pro fillo da necesidade, cos caíques da nosa Terra, poderán, sin compromiso ningun, seren irmáns nazonalistas eteis.

## Cántigas galegas

### ¡Miña Reina!

(Música de Mónico G. de la Parra).

Cando me tifia no colo  
miña nai qu'en gloria estea,  
decíame ó arrolarme:  
—Heite erfar pra unha reñat

Se hoxe me vira contigo,  
diría d'orgullo chea:  
—Cásate co-isa meniña,  
que vale más qu'unha reina.


AVELINO RODRIGUEZ ELIAS

## DOS NOVOS DE NOITE


Foron días de luz e pasaron  
Como pasa cegand'o los rego;  
Foron presas de frores, marchadas  
Pol-a fría xead do Inverno...  
Ouh lembranza dos anos aqueles  
Cando a miñ me chamaban "o neno".  
¡Como acendes sañud'a fogueira  
De tristuras que levo no peito!

Ti Señor que m'escolitas, fixeches  
D'aquel ceo de luz os luceiros,  
I-en ollando a guapura que tifian  
Algun dia chorei po' collelos;  
Mas ti tantos luceiros fixeches.  
xunta miñ sen sentilo, Señor,  
Xesta miñ sen sentilo Señor;  
Das ledicias pasousem'o tempo...  
Pasou súpeto cal meteoro,  
Biant'os ollos do cándido neno.

Hoxe ¡triste de miñ! xa non queda  
Nem un rayo de luz no meu ceo...  
¡Todo nel s'apagou e morreu!;  
Soilo queda da morte o silencio  
I-a coruxa que celba na noite  
Seus lidos de son medoñento,  
Mentres pasan voando nas tebras.  
Cal pantasma, horribles moregos,  
Nada queda senón a lembranza  
Que me crava coas unllas d'aceiro,  
Que m'amás'o pasado brillante,  
Cando vex'o present'envolteo  
Na negrura das ás xigantes  
Conque tórnann'm'a luz os moregos.  
—Paradoxas da vida!... O recordo,  
Pr'afogarme, sua mán d'esqueleto  
Saca fora da tumba dos anos,  
Dende dorme de vermes cuberto;  
I-enseñandom'as cuncas dos ollos  
Que me miran d'uo modo sinistro,



# A FARTANZA



— DE —

## CRISTINO P. REY

Esta casa vende os millores viños de «Lágrima» que se recolleitan en Málaga.  
Tamen vende as millores conservas galegas i-estranxeiras.  
Gran surtido en lacós e chourizos de Lugo.  
Ninguén ten viños de Valdeorras millores. En augardentes e viños quinados n-hay casa como esta.  
Coñás d'as millores marcas.

Rua do Progreso, 40 -- A CRUÑA

Choqueleanllos dentes coa risa  
¡Cunha risa saída do inferno!  
¡Ouh Señor, cómo fir'esta risa!  
¡Cómo chant'o sarcasmo no peito!  
¡Como sinto esmagármese a vida,  
Do recordo entr'os brazes de ferro!!

¡Paradoxas da vida!... O recordo  
Do que foi todo luz n'outre tempo,  
¡Xurde agora na noite da i-alma,  
Com'a sombra fatal d'un espectro!

ENRIQUE BATAN.

Mondoñedo 15-2-1920

## A mocedade Nazonalista de Vigo

Vai camiño de se constituir definitivamente, pois o comité organizadore só agarra o Regamento da de Santiago que xa axeitou ás necesidades dos cultos e patriotas vigueses.

As principales vilas galegas, Cruña, Vigo, Santiago i-Ourense, xa contan con xuntanzas d'uxebres que traballan ateigadas de fe y-espranza pol-o trunfo da Granda Obra.

Outras vilas mais pequenas, coma Monforte, Villalba, Betanzos e Villagarcía teñen tamen "Irmandás" sementadoras do Santo Ideal.

O trunfo, pois, da Causa, que dende América e Portugal, apoyan feixes de bós galegos. Impórse a xixa rexia e barudamente.

Onde queira que haxa un mozo galego amante da sua Terra e da libertade da sua Terra, venía a nos...

## PENEIRANDO

No mitín contó alugamento dos consumos feito en Santiago, pol-as sociedades obreiras, catro oradores falaron na nosa lingua.

Ó galego xurde, irmáns

\*\*\*

No concello de Vigo, temos xa un edil galeguista: o notabre poeta Avelino Rodríguez Elías.

Non é soio a Cruña, irmáns

\*\*\*

En Noya e Riveira andan revoltos os caciques contra caciques.

A nós cómprémos esto, pol-o deude e vencerás.

Pro tamén fainos escachar de risa "A Voz de Galicia", tratando de defender labercamente ós maiores caciques.

Pois inda que non crémos na teoria de Leonardo Rodríguez dos caciques malos e bós, vermos rifando ós e'os outros, enchenos de ledicia. O que decía Cabanillas: eu si poidera facerla tantos caciques como homes ten un distrito, pois d'aquela esquizariánse entr'ellos de camiño.

\*\*\*

O Royo Vilanova, espírito simplista, coma bó aragonés, tomouna e' o catalanismo, mais que nada por ter unha plataforma que erga ós ollos dos patrioteiros.

E quer que o Goberno interveña na visita do mariscal Joffre a Barcelona.

Parvo!

\*\*\*

Villanueva e demás fósiles do gareipre-

mismo, puñeronse á defensa das Compañías ferroviarias nas Cortes

Os datistas o mesmo. Os albistas, idem. Por algo democrátas, albistas e idóneos voltean sempre pol-o reabrecemento das partidas do turno de grifo e vaso.

E pertencendo a estas partidas os cunelos galegos do Ferrol, Ortigueira, Vivero e Ribadeo poden traballar sinceramente polo ferrocarril da Costa?

## O DIPVZADO POR VEIRAMAR NOVELA DE GONZALO LÓPEZ ABENZA



Esta interesante e modernísima novela en idioma gallego, está posta a venda nas principales librerías de Galicia.

**PRECIO 3 REAS**

## Compendio de Gramática Gallega

**PRECIO 2 REAS**

### VÉNDENSE:

Na Cruña . . . Administración «A NOSA TERRA»  
IRMANDADE DA FALA.

Maria Pita, 77.

Ferrol . . . Librería de Comadira.

Id. id. Gerardo Castro.

Lugo . . . Id. id. Viuda de Alonso.

Id. id. Angel Porro.

Santiago . . . Id. Editorial «Eco de Santiago».

Orense . . . Id. id. Viuda Pérez Resvié.

Monforte . . Id. Antonio Fernández Piñeiro.

\*\*\*

Fáise carregos de todas as crases de traballos gráficos, en imprenta, litografía e fotograbado, así como sellos de caucho

# A Papeleira Galega

TRÁFICA DE BOLSAS DE PAPEL  
DE TODAS CRASES  
FOTOGRAVADO

BARREIRA, 7

A CRUÑA

Teléf. 434

"PATENTE-SALVAVIDAS,"

O millor pra pintar os fondos dos barcos. Ganhou Diploma de Honore, Gran premio e medalla d'ouro nas Exposiciones de París e Londres.

REPRESENTANTE:  
**F. Bertran y Mirambell** Vigo  
Coruña



## COMPAGNIE DE NAVIGATION SUB-ATLANTIQUE

Salida do porto da Cruña para Bahía, Rio de Xaneiro, Santos, Montevideo e Bos-Áires


O día 8 de Marzo de 1920, aprosimadamente e salvo continxencias, sairá do porto da CRUÑA o paquebot correio francés de 10.000 toneladas.

### Samara

Admite pasaxeiros de primeira, segunda, terceira intermedia e terceira crase.

Prezo do pasaxe en terceira crase ao Brasil, Montevideo e Bos Aires Pesetas 359'60  
Para mais informes dirixirse aos seus consignatarios:

Sres. OYA GILARD e COMPAÑIA, (S. en C), Praza d'Ourense 2 B e Feixón, 2.—A CRUÑA



## Compañía Chargeurs Reunis

Pra os portos de PERNAMBUCO, RIO JANEIRO, SANTOS, MONTEVIDEO e BOS-AIRES, sairá da CRUÑA sobre o 19 de Abril, o lixeiro e magnífico vapor

### CEYLAN

de 10.000 toneladas

Admite pasaxeiros de cámara e 3.<sup>a</sup> crase.

Prezo do boleto de TERCEIRA crase Pesetas 374'60

Nenos mais novos de dous años, un gratis por familia.

De dous a 10 años, pagan medio pasaxe. Maiores de 10 años, pasaxe enteiro.

**NOTA INTERESANTE.**—As mulleres que levan nenos que non chegan aos 10 años, chauvadas polos seus maridos, non poderán embarcaren pra BOS-AIRES si non presentan n'esta Agencia un certificado PRECISAMENTE do DEPARTAMENTO DE EMIGRACION de BOS-AIRES, permitíndolle o desembarcaren na REPUBLICA ARXENTINA. Non teñen valor algun, as cartas de chamada, autorizacions, nin poderán dárse ante os Cónsules hespánoles.

As mulleres que se atopen n'estas condicions e non presenten NECESARIAMENTE o dito certificado, non poden embarcar. Tamen teñen que presentaren o mesmo certificado os emigrantes que teñan MAIS de 60 ANOS e non vaian acompañados da sua familia.

O dia fixo da saída anunciaráse con oportunidade.

Os pasaxeiros teñen de presentarse n'esta Agencia cinco días antes da saída do vapor.

Pra informes dirixirse aos Agentes Xenerales en Hespanha,

**ANTONIO CONDE (Fillos).—PRAZA d'OURENSE, 2—A CRUÑA**

**EFEKTOS NAVALES**

— DE —

FERBER Y COMPAÑÍA — SUCESORES  
**F. BERTRAN e MIRAMBELL**

Vigo e A Cruña

CASA FUNDADA EN 1868

Artigos xeneraes pra equipo da Marina  
Militar, vapores, barcos de vela e pescadores**Leutores**

Quen queira ter un traxe bo, xeitoso e que lle coste pouco dñeiro, que o faga na Xastrería de

**Xosé Varela da Costa**

Rua do Círco, 16.— VIGO

**LA MODERNISTA**

GRAN SALÓN DE BARBERÍA

— DE —

**RAMOS E ACEM**

San Andrés, 94-1.º — A CRUÑA

Estabrecoimiento de primeiro orde, dotado de estufa de desinfección e todolos aparatoss higiénicos. Especialidade en lavados de cabeza, lociós e fricíos de todas clases.

*Nota:* N'este estabrecoimiento atopara o púbrico un servizio permanente a cargo dos seus propietarios, antigos dependentes das mais importantes peluquerías desta capital.

**LA SALUD****CASA DE BAÑOS**

A MILLOR DA CRUÑA

Avenida de Rubine, 22 (Riazor)

**Materiales de Construcción**

CEMENTO ASLAND  
MADEIRAS — CARBÓN  
Centro Xeneral de Seguros  
**Ignacio Pedregal**  
A CRUÑA

**Gran H. Universal**

Rúa da Reina (da Raíña), 21—LUGO  
O MAIS NOVO E MILLOR

Ten carto de baño moderno. Dispón de teléfono (númer. 116) e de coche da casa pra todolos trens.

O GRAN H. UNIVERSAL merece sur visitado

**Hotel Continental**

CASTELAR, 8 e OLMOS, 28  
O MELLOR SESVIDO

— DE —

**M. Losada Prado**

A CRUÑA

**Frábica Mecánica**

:- de Calzado :-

— DE —

**ANXEL SENRA**

RUA XUAN FLOREZ

Depósito: Cantón Grande, 15

A CRUÑA

**FARMACIA EUROPEA**

— DE —

**LOPEZ ABENTE**

REAL, 55

A millor surtida da Cruña e un dos astabrecoimientos da sua crase que mais honran a Galicia. Montada con arrebro ós derradeiros adiantos.

**Gran Café da Marina**

— DE —

**JOSE RODRÍGUEZ de VICENTE**

Urzáiz, 11

BAYONA


**COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE**

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE

Servicios directos desde o porto da Cruña

aproisimadamente e salvo continxencias, sairá para a

Habana e Veracruz o rápido paquete correio



## Prezos do pasaxe (incruidolos impostos)

		Habana	Veracruz
Primeiracraxe	Ponte paseo:		
	Camarotes de luxo . . . . .	Ptas. 2.053'75	2.138'75
	Id. esteriores . . . . .	» 1.668'75	1.753'75
Ponte superior:			
	Camarotes esteriores . . . . .	» 1.498'75	1.59 . . . . .
	Id. interiores . . . . .	» 1.293'75	1.370'75
Ponte inferior . . . . .			
	Camarotes esteriores . . . . .	» 1.298'75	1.378'75
	Id. interiores . . . . .	» 1.103'75	1.068'75
Segunda crase . . . . .	» 808'60	798'60	
Preferencia . . . . .			
TERCEIRA CRASE . . . . .	» 328'60	343'60	

O día fixo de saída anunciaráse oportunamente.

O pasaxeiro que deseñe embarcar ten de remitire seguidamente o nome e mail-o importe do pasaxe, sen emprender viaxe hastra que teña a conformidade do Consinatario de que se lle reservou a praza.

Os emigrantes e todolos equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para obter d'informos sóbore de datas de saída prezos de pasaxe e tipos de flete, dirixirse o seu Consignatario

D. NICANDRO FARÍÑA.—Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo

# LA PROVEEDORA GALLEGA

DE

Xuan Vázquez Pereiro

A millor fábrica de chocolates de Galicia, sita na Rua  
estreita de San Andrés.—A CRUÑA

Irmans: si queredes estar sans e fortes tomade todol'os días  
unha cunca do rico chocolate que fabrica ista casa, e veredes  
como sin darvos conta estades ledos e traballades sin sentir o  
mais cativo cansancio, porque gozaredes de boa saúde.

Por qué é isto? porque os chocolates que fai ista casa, fanse  
côs melhores productos i-a limpeza mais eisquisita.

PROVADEOS E CONVENCERÉDESVOUS

## Os viños e coñás millores

son os qu'eisporta a casa de PEDRO DOMEQ, de Xerez  
Fronteira, fundada en 1734. A casa máis antiga de Xerez.

## O vermouth mais selecto

de mundial e reconocido sona é o ZINZANO (*Torino*).


## Pra viños de mesa

non hay outros com'ós dos cosecheiros eisportadores Señores  
R. LOPEZ DE HEREDIA (Haro). Casa central: *Paseo da Equitativa*.—MADRID.

Representante eisclusivo (matriculado) de todas estas marcas:

## JOSÉ C. JUNCOSA

Galera, 39 é 41-2.º piso.—A Cruña



## GELRIA, ZEELANDIA, FRISIA E HOLLANDIA


Saidas fixas-regulares da Cruña e Vigo, admitindo pasaxeiros de 1.ª, 2.ª, 2.ª intermedia e 3.ª clás

Pra informes respeuto a datas de saídas e prezos de pasaxes dirixirse ó Axeute xeneral da Compañía en España

D. Raimundo Molina e Couceiro

CONSIGNATARIO

NA CRUÑA E VIGO



GRANDES TALLERES  
DE LAVADO E FRANCHADO  
DE ROUPA NOVA E DE USO

Despachos centrais:

A Cruña: Cantón Pequeno, 12  
Vigo: Praza da Constitución, 12

Sucursais na Cruña:

Esteira de San Andrés, 12  
Praza de Azcárraga, 4  
Sad Agustín, 22

Sucursal en Vigo:

Circo, núm. 5

Todol-as nosas sucursais ostentan un  
letreiro como sinal, qu'ó reproduction da  
marca de garantía eiqui estampada.

Recibense encárgos de fora, y-espídense por meio das nosas sucursais.

Si no lugar onde vostede reside  
non-a hay, sirvase manifestarnos seus  
desechos de mandárenos os seus encá-  
rregos.

## EL NOROESTE

### XORNAL DA CRUÑA

O millor informado da rexión galega

Longas conferencias pol-as Axencias

FABRA e RADIO (ultramoderna)

## LLOYD REAL HOLANDÉS

AMSTERDAM

(KONINKLIJKE HOLLANDSCHE LLOYD)

Viaxes rápidos ó Brasil e a Arxentina  
polos acretados vapores-correios.

## LA PROVEEDORA GALLEGA

Saidas fixas-regulares da Cruña e Vigo, admitindo pasaxeiros de 1.ª, 2.ª, 2.ª intermedia e 3.ª clás

Pra informes respeuto a datas de saídas e prezos de pasaxes dirixirse ó Axeute xeneral da Compañía en España

D. Raimundo Molina e Couceiro

CONSIGNATARIO

NA CRUÑA E VIGO